



2ª Circular Informativa

congreso2008@sgosgo.org

www.sgosgo.org

Datas: 26 a 28 de setembro de 2008

Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agroforestal

Estrada de Castro Caldelas s/n

27400 Monforte de Lemos - LUGO

Resumo de actos

O Congreso iniciarase o venres 26, ás 17:00 horas, coa cerimonia de apertura, conferencia inaugural e primeira sesión de posters

A mañán do sábado 27, a partires das 10 horas, destínase ás conferencias convidadas e o serán, a partires das 17:00 horas, ás presentacións remitidas ao Congreso e centradas na temática do Simposium "**Aves e Agricultura**".

Para o domingo 28, pola mañán, desde as 10 horas, está prevista a sesión de temática libre, a segunda sesión de posters e a mesa de traballo sobre anelamentos. A clausura terá lugar ás 14:00 horas.

O programa do congreso está suxeito a cambios e axustes para adaptarse aos imprevistos que poidan aparecer despois da súa distribución.

Presentación de Comunicacions

Todo aquel participante que teña intención de presentar unha comunicación oral ou en panel, sobre a temática do simposio ou libre, deberá ter en conta as **Normas e Prazos** adxuntas, indicándo as súas intencións na ficha de inscrición. Salientamos que o prazo de recepción de resumos remata o 15 de agosto de 2008.

Ficha de inscrición

Xúntase Boletín de Inscrición que deberá enviarse nos prazos solicitados, cubrindo con detalle a información requirida. Prégase indicar a data de pago neste boletín e o nome do inscrito en “concepto” do recibo bancario. Os que xa enviaron preinscrición so teñen que remitir o recibo de ingreso bancario.

As cotas establecidas, respectando as pre-inscricións recibidas antes do 15 de maio, inclúen a asistencia ao Congreso, a documentación entregada no mesmo, con libro de resúmenes, e un exemplar das Actas, que se publicarán posteriormente. Quen teña interese en asistir á cea de confraternidade deberá sumar a cantidade de 25 euros.

Estadía

Para quen o prefira, temos concedido o uso das habitacións existentes na Escola de Capacitación Agraria e Forestal, pero é preciso indicalo na ficha de inscrición e dar aviso na recepción do congreso, xa que se conta só con 20 prazos que serán concedidas por rigorosa orde de solicitude. En casos de dúbida valorarase a reserva en período de preinscrición e os estatus de parado e estudante.

Para máis información sobre aloxamentos e sobre a cidade do Cabe recomendamos consultar a páxina de internet do concello de Monforte de Lemos: www.concellodemonforte.com

ou consultar en

turismo@concellodemonforte.com

Durante os descansos haberá servizo de *catering* nas mesmas instalacións do congreso.

Nas proximidades existen bos servizos de restaurante. Recomendamos o *Bodegón Ribeira Sacra* ou o restaurante *Zurich*, a menos de 1.000 m do local de sesións.

Outros

Contaremos tamén cunha exposición de pinturas de temática ornitolóxica de **Encarna Gonzalez Rodiño**.

Cofecidas firmas comerciais de óptica anunciaron a súa presenza no congreso con stands e información dos seus produtos.